

D. Abel Caballero Álvarez
Alcalde de Vigo
Praza do Rei, 1
36202 Vigo

Vigo, 4 de xuño de 2026

Estimado alcalde:

Como representante da Deputación de Pontevedra en Vigo, quero reiterar a plena disposición da administración provincial a participar nos investimentos vencellados á candidatura da cidade de Vigo ao Mundial de fútbol masculino que se celebrará en España, Portugal e Marrocos no ano 2030, tal e como temos manifestado desde esta institución en múltiples ocasións de xeito público.

Teño a convicción de que un reto destas características merece a colaboración e o compromiso de todas as administracións públicas, sempre dentro do marco legal e administrativo que resulte procedente.

Porén, os servizos técnicos provinciais cuestionan a viabilidade da participación económica da Deputación no que atinxe ás obras de traslado dos colectores se estas son executadas pola concesionaria municipal Aqualia con cargo ao seu plan de investimentos, que xa sufragamos os vigueses e as viguesas a través do recibo da auga. Polo tanto, produciríase un dobre financiamento sobre un único investimento.

Tendo en conta estas circunstancias e coñecendo o compromiso da Deputación con Vigo, quero animar a procurar o instrumento de colaboración que permita articular unha participación financeira da institución provincial con todas as garantías xurídicas e administrativas.

Por outra banda, quero recordarche que aínda non enviaches á Deputación de Pontevedra o proxecto relativo ás obras de traslado destes colectores, que solicitamos xa o pasado mes de novembro. Igualmente, non remitiches ningunha proposta de convenio de colaboración para poder cofinanciar esta actuación.

Así, quedo á túa disposición para avanzar nunha fórmula de cooperación que faga posible o apoio institucional que todos desexamos e que xa se plasma no investimento de 26 millóns de euros que fai posible a reforma do estadio de Balaídos para ser sede da Copa do Mundo.

Recibe un cordial saúdo.

